

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 14 DE XUÑO DE 1995.

Na Casa do 1º Concello de Ribadaiva o día catorce de Xuño de mil novecentos noventa e cinco; ás sete e corenta e cinco do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebra-la sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES, QUE FORON AS CELEBRADAS O DIA 6 E 8 DE XUÑO PASADOS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación dos borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os días 6 e 8 de Xuño pasado.

E sendo as oito menos cinco do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.